



RESOLUCIÓN

Expediente.- 2025/EGFAB/000142

Asunto: Aprobación convocatoria do Concurso de disfraces de Entroido 2026.

I. En data 14/01/2026 a Sétima Tenenta de alcalde delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude dictou Providencia de incoación do procedemento de “Convocatoria do Concurso de disfraces de Entroido 2026” e ordeando que se elabore a proposta da convocatoria polo Programador Cultural, incluíndo na mesma os condicionantes que se especifican en dita providencia.

II. A proposta do Programador Cultural foi formulada o 27/01/2026.

III. No expediente consta o informe xurídico da responsable da Unidade Xurídica e o informe favorable do Interventor Municipal .

Polo exposto, en virtude das facultades que me atribúe o Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte convocatoria do concurso de disfraces que terá lugar o venres 20 de febreiro do 2026 no Pavillón Polideportivo Arsenio Iglesias de Santa Cruz:

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2026

Ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, convócase polo Departamento de Cultura do Concello un concurso de disfraces de Entroido, que se rexerá polas seguintes normas:

1º.- Obxecto

É obxecto desta convocatoria premiar aos mellores disfraces individuais, de parellas ou grupais que se presenten ao concurso, que se celebrará o venres 20 de febreiro de 2026 no Pavillón Municipal Arsenio Iglesias, de Santa Cruz.

2º.- Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

O importe da convocatoria ascende a 5.200 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 80.3340.48001. (Cultura. Promoción Cultura. Premios Entroido).

3º.- Requisitos dos participantes

1. *Na modalidade individual poderá participar calquera persoa que teña cumpridos 18 anos ou ben 16 anos, con autorización asinada de pai/nai/titor.*

Na modalidade de parella permitirase a participación de persoas menores de 18 anos, sempre e cando o outro membro teña como mínimo 18 anos.





Na modalidade de grupo permitirase a participación de persoas maiores de 16 anos, sempre e cando o representante do grupo teña como mínimo 18 anos. No caso de participación de menores de 16 anos non poderán supoñer máis do 50% do total do grupo.

As idades sinaladas anteriormente deberán estar cumpridas no intre da inscrición. A efectos de comprobación deste requisito, deberá achegarse xunto coa inscrición o DNI da persoa solicitante.

2. Poderase participar nunha das seguintes categorías:

- “INDIVIDUAL-PARELLAS” (1 ou 2 persoas).*
- “GRUPOS” (entre 3 e 25 persoas).*

Deberá elixirse só unha das categorías, de xeito que un mesmo disfrace non poderá participar en máis dunha categoría. De detectarse esta situación eliminarase da categoría individual.

En caso de que ao cubrir o formulario se marcasse a categoría equivocada, se lle atribuirá de oficio a que lle corresponda.

4º.- Características e limitacións dos disfraces:

Non se permitirá a participación no concurso nin o acceso ao recinto de ningún elemento ou estrutura como carrozas, vehículos, carromatos ou similares, tanto flexibles como ríxidas, que funcionen a motor ou con mecanismos similares.

As dimensións do disfrace que porte a persoa e as súas estruturas accesorias non deberán superar en ningún caso as seguintes medidas: 1,20 m de ancho x 2,00 m de longo e 2,50 m de alto. Estas dimensións serán comprobadas pola organización antes do desfile. O seu incumprimento poderá invalidar a participación.

Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

O xurado resérvase o dereito de valorar a aceptación no concurso daqueles disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

Poderán ser excluídos disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios ou discriminatorios, a criterio do órgano convocante.

5º.- Inscricións.

- a) As inscricións deberán facerse no formulario que se publicará na web municipal e deberán presentarse:*
 - A través da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.oleiros.org/portal/sede>), no formulario de inscrición habilitado ao efecto.*
 - Presencialmente no Rexistro sito no Edificio a Fábrica, Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo, Oleiros.*





- b) O prazo de presentación iniciarase o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no BOP e rematará o 18 de febreiro de 2026, ás 14:00 horas.
- c) Na modalidade Individual/parellas só poderá presentarse unha solicitude por participante (sexa persoa ou parella). No caso de que un/ha solicitante presente varias inscricións nesta categoría, darase por válida a última presentada.
- d) En todas as categorías, será obrigatorio que a persoa que figure na solicitude de participación no concurso tome parte no mesmo, considerándose representante dos participantes a todos os efectos.
En caso de que o grupo participante sexa unha ENTIDADE VECIÑAL, SOCIAL OU CULTURAL, deberán constar os datos **do representante legal (Presidente/a)** xunto cos da propia entidade.
- e) En función da orde de inscrición asignaráselles aos solicitantes un número de dorsal.
O dorsal deberá ser recollido polo solicitante:
 - na conserxería do edificio A Fábrica, sito en Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo, Oleiros, o **venres** 20 de febreiro en horario de 8.30 a 12.00 horas
 - no Pavillón Municipal Arsenio Iglesias o venres 20 de febreiro, entre as **16:30 e as 18:00** horas.
- f) A participación do concurso levará implícita a aceptación das bases.

6º.- Desenvolvemento do concurso.

O concurso terá lugar o venres 20 de febreiro de 2026, no Pavillón Municipal Arsenio Iglesias, de Santa Cruz.

O número do dorsal que lle fora asignado determinará a orde de presentación no escenario.

No desfile seguirase a seguinte orde, subindo en primeiro lugar os participantes da categoría individual/parellas e a continuación os participantes da categoría grupal.

Os disfraces participantes realizarán un desfile subindo ao escenario a partir das 19:00 horas, debendo estar preparados no lugar indicado pola organización a partir das 18.45 horas.

As persoas participantes poderán estar ata 2 minutos enriba do escenario e ao baixar pararán diante do xurado para que este poida observar os disfraces.

Durante o desfile soará a música seleccionada pola organización, sen prexuízo de que os participantes utilicen o acompañamento sonoro que estimen conveniente, o cal será levado e xestionado integramente por eles e conforme ás normas do concurso.

Durante a celebración do concurso poderán efectuarse gravacións e fotografías, incluíndo ás persoas participantes e asistentes; estas imaxes poderán ser utilizadas nos medios que o Concello de Oleiros estime oportuno.

Ao remate do desfile as persoas compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e comunicalo publicamente.

Os criterios que o xurado deberá ter en conta para outorgamento dos premios serán os seguintes:





- *orixinalidade e creatividade*
- *posta en escena*
- *estética (detalles de maquillaxe, vestuario, máscaras e demais complementos)*
- *elaboración propia e artesanal.*

Cada membro do xurado outorgará un máximo de 10 puntos a cada un dos criterios, outorgando un máximo de 40 puntos a cada unha das propostas.

O xurado deberá emitir unha acta coas valoracións e a proposta de gañadores, no modelo que lle será proporcionado pola Concellería de Cultura, e deberá ser asinada polo secretario e polo Presidente do xurado.

Á vista da acta, a Alcaldía resolverá o outorgamento dos premios.

7º.- Xurado

O xurado estará composto por:

- *Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue*
 - *Secretario/a: un/ha traballador/a municipal*
 - *Vocais: tres vogais designados pola Alcaldía.*
- O/A Secretario/a non terá dereito a voto.*

8º.- Premios

1. Establécense os seguintes premios:

⇒ *Modalidade Individual-Parellas*

1º premio: 400 €

2º premio: 300 €

Dous 3º premios : 200 €

Dous accésit : 100 €

⇒ *Modalidade Grupos*

1º premio: 1.500 €

2º premio: 1.000 €

Dous 3º premios : 500 €

Un accésit : 400 €

2. Os accésits serán adxudicados polos xurado ese así o considera conveniente, atendendo á calidade global de todos os disfraces participantes, ás características do disfraz ou da súa posta en escena, debendo o xurado argumentar os motivos do seu fallo.

3. As persoas premiadas subirán ao escenario para recoller o premio co disfraz gañador da categoría correspondente.

9º.- Pago dos premios e requisitos dos gañadores

O pago dos premios efectuarase con posterioridade ao concurso, a través de transferencia bancaria.





O aboamento dos premios realizarase a nome da persoa que formulara a solicitude de participación, ou ben da entidade, cando se trate de persoa xurídica.

*A estes efectos, as persoas ou entidades gañadoras deberán achegar ao Concello con data límite do **2 de marzo** a seguinte documentación:*

- *CIF da entidade, no eu caso.*
- *DNI do/a representante ou persoa física gañadora (en caso de que non o presentara xa coa solicitude)*
- *Certificado da conta bancaria onde desexa percibir o importe do premio, na que deberá constar como titular a persoa ou entidade gañadora, segundo o caso.*

Esta documentación deberá achegarse a través da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.oleiros.org/portal/sede>) ou ben presencialmente no Rexistro sito no Edificio a Fábrica, Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo, Oleiros.

Os premios ás persoas físicas estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente.

Antes do pago deberá acreditarse que a persoa ou entidade gañadora non ten débedas coa Seguridade Social, AEAT ou co Concello. A estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización ao Concello para comprobar de oficio estes extremos nas Administracións correspondentes.

10º.- Concurso deserto e exclusións

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios en caso de que considere que ningunha das propostas presentadas acadá un nivel de calidade mínimo.

A organización e o xurado poderá desqualificar en calquera momento do proceso, aqueles disfraces que incumpran as normas recollidas nestas bases.

O xurado poderá excluír do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara ao público como cara á organización.

11º.- Normativa reguladora e interpretación.

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

Compete ao órgano convocante a prerrogativa de interpretar esta convocatoria.

Corresponderá ao presidente do xurado resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso.





12º.- Autorizacións

A presentación das solicitudes supón a aceptación íntegra da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nela, e ademais implica polos participantes a aceptación incondicionada da seguinte cláusula:

- *A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así coma fotografías e vídeos dos mesmos nos actos de entrega de premios ou na participación no acto obxecto do concurso.*

13º.-Protección de datos

O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os datos con finalidade de xestionar a inscrición e participación no concurso ou certame. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal. Os datos non serán cedidos, agás se é necesario para a xestión ou entrega do premio, e salvo obrigación legal. Non haberá transferencia internacional de datos. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na sede electrónica do Concello de Oleiros, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Poderase contactar co Delegado de Protección de Datos no mesmo correo ou dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na web municipal e no Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





FORMULARIO DE INSCRICIÓN

INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO 2026

MODALIDADE (marcar só unha opción)

- INDIVIDUAL/PARELLA (1 ou 2 persoas)
- GRUPOS (Entre 3 e 25 persoas)

NOME DO DISFRAZ	
Nº DE COMPOÑENTES	
BREVE DESCRICIÓN DO DISFRAZ	

DATOS A CUBRIR PARA SOLICITUDES INDIVIDUAIS OU DE GRUPOS SEN PERSOALIDADE XURÍDICA

DATOS DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DO GRUPO			
Nome e apelidos			
NIF		Teléfono/s	
Enderezo			
Localidade		Código postal	
Data de nacemento			
Enderezo electrónico a efectos de notificacións			

En caso de que o/a participante na modalidade individual sexa un/unha menor de idade con 16 ou 17 anos deberase cubrir e asinar a autorización anexa * por parte do pai/nai/titor/a legal e xuntar copias da documentación requirida nesta autorización.

DATOS A CUBRIR PARA SOLICITUDES DE ENTIDADES CON PERSOALIDADE XURÍDICA (ENTIDADE VECIÑAL, SOCIAL, CULTURAL,ETC).

Nestes casos, a solicitude deberá ser presentada e asinada polo/a Presidente/a.

DATOS DA ENTIDADE			
Nome da entidade			
CIF		Teléfono/s	
Enderezo			
Localidade		Código postal	
Enderezo electrónico a efectos de notificacións			





DATOS DO/A PRESIDENTE/A			
Nome e apelidos			
NIF		Teléfono/s	

O SOLICITANTE DECLARA QUE:

- Coñece e acata incondicionalmente o contido das normas da convocatoria do concurso, que foi aprobada polo concello e publicada no BOP de A Coruña, aceptando as obrigas derivadas das mesmas.
- Coñece e acepta a política de protección de datos sinalada nas bases.
- Coñece e acepta que no caso dos grupos os/as menores de 16 anos non poderán supoñer máis do 50 % do total do grupo, e que no caso de ser premiados se someterán á oportuna comprobación de ditos datos se o Concello o esixe.
- No suposto de ser premiado/a, autorizo ao Concello de Oleiros para obter telematicamente os certificados de que estou ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social dos organismos titulares da devandita información.

SOLICITA:

Presentar a súa candidatura ao Concurso de Disfraces de Entroido 2026 convocado polo Concello de Oleiros.

DATA	
SINATURA	

O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os datos con finalidade de xestionar a inscrición e participación no concurso ou certame. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal. Os datos non serán cedidos, agás se é necesario para a xestión ou entrega do premio, e salvo obrigación legal. Non haberá transferencia internacional de datos. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na sede electrónica do Concello de Oleiros, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org Poderase contactar co Delegado de Protección de Datos no mesmo correo ou dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na web municipal e no Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia





***AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE INDIVIDUAL DO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO 2026 DO CONCELLO DE OLEIROS PARA MENORES CON IDADE DE 16 E 17 ANOS**

Don/Dona _____

_____ con DNI núm. _____ e teléfono de contacto _____, en calidade de pai/nai/titor legal do/a menor _____ con DNI núm. _____ e data de nacemento _____

- Autoriza a súa participación na modalidade individual do concurso de disfraces de entroido 2026 sen compañía dunha persoa adulta, e adxunta fotocopia dos DNIs, pasaportes ou libro de familia das persoas implicadas nesta autorización.
- Exonera á organización da súa protección e custodia, sendo el/ela mesmo/a quen vele pola súa seguridade e benestar durante a celebración do evento.
- Acepta que o/a menor sexa identificado/a no momento que a Organización do evento considere oportuno.

DATA	
SINATURA	

O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os datos con finalidade de xestionar a inscrición e participación no concurso ou certame. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal. Os datos non serán cedidos, agás se é necesario para a xestión ou entrega do premio, e salvo obrigaón legal. Non haberá transferencia internacional de datos. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na sede electrónica do Concello de Oleiros, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Poderase contactar co Delegado de Protección de Datos no mesmo correo ou dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na web municipal e no Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.

Segundo.- Autorizar un gasto de 5.200 euros para facer fronte aos gastos derivados dos premios.

Terceiro.- Dar publicidade á presente convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a través da BDNS. Asemade, publícala na páxina web municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

